



Celebración do Día do Maior

Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos

Santiago, 1 de outubro de 2015

A Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos, ATEGAL celebra o Día Internacional do Maior traballando. Todos os xoves realizamos unha andaina saudable e este xoves, co gallo desta celebración, iremos ata a Granxa do Xesto e a Selva Negra. A cita é ás 10:30 na sede de ATEGAL na rúa Virxe da Cerca 31. As citas anteriores foron ao Monte do Gozo, Cidade da Cultura, Monte de Deus, o Pedroso, o Sarela...

Para estas andainas contamos coa colaboración do Mercado de Abastos de Santiago que proporciona un tentempé saudable para os camiñantes.

ATEGAL, é unha entidade sen fin de lucro, colaboradora da Xunta de Galicia que leva 37 anos traballando polo envellecemento activo. Temos nove sedes en Galicia e ofertamos actividades para a formación socio-cultural das persoas de 50 ou máis anos en catro grandes áreas:

- * Cultural. Idiomas, arte, historia, literatura,..
- * Ocupacional: pintura, informática, traballos manuais, tabletas
- * Saúde: ioga, pilates, ximnasia, memoria, alimentación saudable, piscina
- * Lecer/ocio. Viaxes, excursións, visitas culturais

Para máis información. ATEGAL, Tel. 618184344 administracion@ategal.com

Colabora



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Secretaría Xeral de Política Social